

Cielo festivo
no mundo

INVERNO

O NADAL

CEIP "Xesús San Luís Romero"
Curso 2011-12
ENDL



RUMANIA

NADAL

A maioría dos romaneses son cristiáns ortodoxos, aínda que existen tamén católicos do rito bizantino, luteranos, protestantes, armenios e musulmáns. Por eles os costumes e crenzas do inverno dos romaneses son variadas e o que coñecemos por "Nadal" celébrase con festas de moi diversa índole.

Para celebrar o *solsticio* por toda Romanía teñen lugar festas de máscaras nas que a xente se disfraz de animal e danza.

Nas aldeas de Maramures, principalmente, disfrázanse de animais que no folclore tiveron un papel máxico, como a cabra ou o oso, o cervo, os cabalos.....



Os homes forman cortexos ataviados con máscaras e peles de animais e percorren os principais camiños das aldeas, con música, mentres bailan. En moitas ocasións represéntase tamén a morte do inverno ou do ano vello, intentando asustalo, arrastándoo ou golpeándoo simbolicamente ou simplemente a través de danzas e cánticos máxicos.

Nas danzas de animais, cabra e oso poden ir separados, xuntos, ou arrodeados doutras especies de animais ou disfraces diferentes, acompañados por traxes populares da zona onde se desenvolven.

A Igrexa ortodoxa celebra o **Nadal** o 25 de decembro, que é un festivo de ámbito nacional.

A tradición máis importante é que os nenos vaian de casa en casa cantando panxoliñas e recitando poesías e lendas durante a temporada do Nadal. O líder leva unha enorme estrela de madeira chamada *steaua*, que está cuberta con papel brillante e decorada con campás e cintas de cores.



O día de Nadal reúnen as familias, e as nais adoitan preparar **cozonac**, unha clase de panetone, que é un pan doce, recheo de crema de chocolate ou noces. Tamén se prepara unha comida especial, xa que se reúnen toda a familia nas casas. Pasteis caseiros e preparados de carne de porco que se mata unha semana antes do Nadal, nunha especie de ritual moi antigo, que se gardou a través de séculos.



A noite antes do Nadal todos os nenos e nenas do pobo van a todas as casas cantar panxoliñas para que todos teñan sorte no novo ano. A cambio dáselle noces e roscas, e volven á casa xa pola mañá, conxelados de frío pero contentos, cun saquiño cheo de agasallos dóces. Toda esa noite o pobo échese do canto e das risas dos nenos.

Ao día seguinte, o día de Nadal, e antes de xantar van todos á igrexa, pequenos e maiores.



Podes escoitar panxoliñas nestes enlaces:

http://www.vacance-roumanie.com/vacaciones_a_Rumania/navidad_en_Rumania.html

<http://www.slideshare.net/Vassy/navidad-en-rumana>



NOITEVELLA

Os romaneses celebran o *Revelionul*, a súa particular Noitevella, en familia ou cos amigos. Moitos resisten ata o amencer e a maioría reúnense na rúa.



No que a gastronomía se refire, os romaneses deleitanse cos tradicionais **sarmale** (guiso de carne e arroz enrolado en follas de col) e con dóces típicos como o **cozonac**.

Nas rexións rurais aínda perviven vellas tradicións pagás, nas que algúns se disfrazan e se botan á rúa montados en pequenos arados de madeira, mentres os máis pequenos recitan tradicionais votos en verso (os Plugusorul) e tocan axóuxeres.



Outra tradición é que as mulleres solteiras camiñan cara un pozo, prenden unha vela e miran cara abaixo.

O reflexo do lume debuxará nas escuras profundidades da auga o rostro do seu futuro esposo.

Pero as que prefiren non saír da casa, poden coller unha póla de albahaca e colocala debaixo da almofada. O soño desa noite terá como protagonista ao home que virá buscala no futuro



PORTUGAL

NADAL

A tradición cristiá de Portugal marca os festexos do Nadal.

É costume asistir a noite de Noiteboa á Misa do Galo e pechar esta celebración bicando os pes dunha figura do Neno Xesús. Rematados os oficios relixiosos a xente sae á rúa para queimar o Tizón de Nadal.

A queima de leña ou de tizóns de Nadal é unha tradición de raíces remotas, que representa o triunfo da luz sobre as tebras. Existe a crenza de que canto máis grande é o tronco e máis tempo dura a súa queima, mellor será a colleita do Ano Novo. Con diferentes rituais, en todas as rexións de Portugal arden tizóns na noite de Noiteboa.



A pesares de ser un país unificado, en Portugal o Nadal festéxase de distintas formas segundo a cidade da que falemos.

No norte, a celebración xira en torno ás lendas e os rituais das tradicións normandas, mentres que no centro e sur do país séguense as tradicións do rito católico cos seus beléns e as súas misas.

O Pai Natal deixa os agasallos xunto aos portais de Belén, algúns deles viventes, e outros coas figuras tradicionais.



Na rexión de Castelo Branco, en Benquerença os xoves percorren as rúas con pratos de fariña debuxando cruces brancas nas portas das casas. Esta escena remite á historia, cando un dos soldados de Herodes que buscaba a Xesús, chegou a unha porta traseira na que se ocultaba a Virxe co neno Xesús e marcouna con fariña antes de ir buscar axuda.

Cando o soldado volveu coa tropa descubriu que todas as portas da rúa estaban marcadas con este símbolo.

Baixeta



Festa da familia

No día de Noiteboa téntase reunir o maior número de familiares posible.

Normalmente as mulleres comezan durante a tarde do día 24 preparando todo para a cea, que comezará sobre as 19 horas, xa que nesta altura do ano é noite sobre as 6 da tarde.

Nos preparativos préstase atención especial ás cousas doces, que tradicionalmente constan de:

Rabanadas, aletrías e mexidos.



Na lareira arde un tronco que permanecerá ata a madrugada .




Ademais dos dóces, ásase bacallau ou polbo na brasa, regado de bo aceite e que se comerá acompañado dun bo viño verde.

O prato principal da cea será o bacallau á brasa ou cocido con pataca, hortalizas, cebolas e ovo.

O segundo prato que é servido consta de arroz con polbo, xeralmente cocido.

Ao final son servidos os dóces acompañados de viño do Porto, mentres toda a xente se divirte con xogos, anécdotas e conversas. Os rapaces asan piñas no lume e toman os piñóns.




Despois da Medianoite os nenos retíranse para durmir, deixando xunto á lareira ou a árbore de Nadal, o zapatiño para que o Pai Natal lles coloque o seu agasallo. Os adultos vanse para a tradicional Misa do Galo.


Onde se fixo a cea non se retira nada das mesas, xa que segundo a tradición os anxos sérvense da comida que queda da cea.

O día seguinte é o día de maior alegría para os nenos, xa que é habitual correr cara ao zapato para ver os agasallos.

Para o xantar ásase o tradicional pavo recheo, e adoita xantar xunta toda a familia de novo.



NOITEVELLA



12 uvas para 12 desexos.

Segundo un refrán luso, o que se faga durante os primeiros instantes do novo ano repetirase durante os doce meses seguintes.

Para que a sorte os acompañe en todo momento, os portugueses reúnen-se para comer as 12 uvas da sorte, unha por cada mes, mentres piden un desexo.

A xente estrea roupa interior de cor azul.

Supersticións aparte, os portugueses adoitan festexar a noitevella na rúa, en familia ou entre amigos. Os máis fieis seguidores da tradición arman bulla con potas e tixolas entoando as tradicionais *Janeiras* indo de casa en casa desexando un feliz ano aos seus veciños.



ALEMAÑA

NADAL

Di a lenda que na Noiteboa alemá os ríos convértense en viño, os animais falan entre si, os gromos das árbores convértense en froitos, as montañas ábrense amosando pedras preciosas e que o canto das campás escóitase no fondo do mar; nembargantes iso so poden apreciarlo os puros de corazón.....

Coma noutros países de Europa, en Alemaña as celebracións do Nadal inícianse o 6 de decembro coa festa de San Nicolás, patrón dos nenos.



Nalgunhas rexións os pequenos colocan pola noite un zapato para recibir os agasallos que lles deixa o santo, pero noutros lugares San Nicolás, vestido de branco cunha coroa dourada é o mensaxeiro que leva as súas peticións ao Neno Deus.

Durante esta temporada tamén son moi populares os mercados navideños, onde se venden coroas de adviento, viño quente de especias, figuras de madeira e velas entre outros.



Despois de asistir ao mercado e para preparar a Noiteboa, a nai ocúpase decorando a árbore, xa que os nenos non poden velo ata a cea: mazás, doces, noces, galletas, anxos, recordos familiares, luces e velas son os mellores adornos.



Aos pes da árbore colócanse os agasallos e noutro recuncho da habitación ponse un prato con dóces para cada un dos membros da familia. Cando todo está listo soa unha campá indicando que os nenos poden pasar, despois cántanse panxoliñas e ábrense os agasallos.



Para moitos existe a tradición de que todo aquel que non cea no Nadal é levado polos demos durante a noite, por iso se cociña unha gran variedade de pratos como salchicha branca e ganso asado.

De sobremesa Dresde Stollen (pan recheo de froitas) Lebkuchen (barras de pan con especias) e Christollen (rebandas de pan con noces, pasas e froitas secas)



NOITEVELLA

En Alemaña é tradición deixar no prato algúns restos do que se cease ata despois da medianoite, como forma de asegurarse unha despensa ben surtida durante o ano seguinte.

Cómese o tradicional queixo raclette (queixo fundido) durante a cea, col e cenoria tamén son comidas para traer estabilidade financeira.



O último día do ano, o protagonista en Alemaña é San Silvestre. Na súa honra corre a bebida e quéimanse castelos de lume para alonxar os espíritos malignos.



Despois saen celebrar o fin de ano nos seus respectivos cotillóns en grupo e hai moitos espectáculos de fogos artificiais.

En canto o reloxo golpea as 12 da noite a xente abrázase, bícase e brinda desexándose “*Gutes Nue Jahr*”

Xa despois da medianoite unha tradición consiste en desafiar o destino mediante a “cerimonia” do *bleiglessen*. Este ritual consiste en desvelar os misterios do futuro cunha barra de chumbo.

O chumbo pásase por unha soldadora ou ben fúndese cunha vela, e bótase en auga fría cando empeza o amencer. O chumbo líquido vólvese sólido e acada formas raras que cunha boa dose de imaxinación poden predicir o que depara o porvir.



Outra tradición ou costume é ver a película “Dinner for One”, que é un curto británico de 11 minutos. A historia trata dunha señora (Miss Sophie) que celebra o seu aniversario número 90 en compañía do seu mordomo e varios amigos que non están porque xa morreron.

Durante a cea de celebración o seu mordomo faise pasar por cada un dos amigos da señora. Podes velo en

http://www.youtube.com/watch?v=b1v4BYV-YvA&feature=player_embedded



ANDORRA

NADAL

O festexo do Nadal no Principado de Andorra é moi particular por estar no medio dos Pirineos, entre España e Francia, polo que presenta unha interesante amalgama de todos estes países.



Entre as súas localidades destácase durante estas celebracións Santa Lucía, onde pola metade de decembro móntase un precioso mercadinho que ofrece unha variedade de obxectos relacionados con motivos navideños.



Con respecto á cociña, hai deliciosos pratos de orixe medieval, como a carne asada coñecida como "*carn d'olla*" e un delicioso cocido de carne, verduras e fideos denominado *escudilla de pagés*.



Nalgunhas mesas tamén é moi común o consumo de *canelóns*. Para a sobremesa froitas secas, chocolates e turróns, acompañados de copas de cava.

A principios de xaneiro é interesante o desfile dos Reis Magos polas rúas de Andorra la Vella, que ao seu paso agasallan con dóces aos nenos.



ARXENTINA

NADAL

A noite do 24 de decembro a familia reúnese para cear. Como é pleno verán fai moito calor, polo que a comida son ensaladas frías como a waldorf, carne asada, porco agridulce.... En canto a bebidas tómase sidra. De sobremesa tómanse turróns, alfajores e pan dóce, que lle chaman panetone, con froita confitada, améndoas e noces.



Xusto ás 12 da noite quéimase moita pólvora, danse un bico e un abrazo e ábrense os agasallos.

Entre os agasallos tradicionais ás mulleres regálaselles panties de cor rosa, para a boa sorte, aos nenos case sempre xoguetes ou algo que teña que ver co seu equipo de fútbol favorito. Os nenos pídenlle os agasallos nunha carta que lle escriben a Papá Noel.



O día de Reis segue sendo unha tradición importante. O ritual comeza na tarde ou á hora de cear o día 5 de xaneiro. A familia comparte unha deliciosa rosca, o pan está feito con Flor de laranxa e manteiga, decorado con froitas cristalizadas, coñecida como *rosca de reis*.



Son tradicionais os pesebres e tamén ás árbores de Nadal.

NOITEVELLA

En Arxentina bríndase con sidra ou champán, desexándose un feliz ano novo coa familia fronte a unha boa mesa chea de pratos nos que non falta o leitón, carne vacuna, pavita rechea, sandwichs de miga, vitel tonn  e piononos. Como sobremesa, de novo pan doce, turr ns, froitas secas, mantecol e postres xeados.



Nos seguintes minutos, fundamentalmente nos barrios , ad itase sa r   porta da r a para compartir pirotecnia e brinde cos veci os. Nas seguintes horas   com n acudir a zonas de discotecas e bares.

Moitas familias descendentes de espa ois seguen a tradici n das 12 uvas, moi estendida sobre todo en Bos Aires.



Na cidade de La Plata, e en menor medida noutros barrios hai a tradición da queima de bonecos e representa o ano que remata.

Grupos de xoves reúnense cun obxectivo común, o de crear o mellor boneco, o máis grande e o máis bonito e, paradoxicamente, para queimar.

O seu sentido é de Purificación, queimar o ano que se vai, conxuntamente con todo o malo. Fanse de trapo, papel de xornal e un armazón de ferro e madeiras ademais de foguetes, mercados cos cartos que se recadan de todos os veciños.



VENEZUELA

NADAL

O Nadal en Venezuela celébrase dende o 16 de decembro ata o 2 de febreiro, pero os adornos xa se colocan dende mediados de novembro en centros comerciais, casas, avenidas e rúas.

É moi tradicional poñer o "pesebre", montar o pino de Nadal e adornalo.

Algunhas tradicións:

Os cantos de aguinaldos,


A partir do día 16 e ata o 24 de decembro, todas as madrugadas celébranse as misas de aguinaldo, onde os fieis acoden a dar grazas ao Neno Xesús por todo un ano de alegrías e cousas boas. Os coros de aguinaldos son famosos en todas as igrexas nestas celebracións.

Si la Virgen fuera Andina
y San José de los llanos
El Niño Jesús sería
Un Niño venezolano (bis)

Sería un niño de alpargatas
y liquiliqui planchao
un sombrero de cogoyo
y el calzón arremangao.

Tendría los ojos negritos
quien sabe si aguarapaos
y la cara tostadita
del sol de por estos lados

Por cuna tendr'ía un chinchorro
chiquito y muy bien tejido
y la Virgen mecer'ía
al Niño Jesús dormido.



Poderás escoitar moitos máis nesta páxina

<http://audio.ya.com/octamusica/>

Procesións de pousadas,

Esta celebración conmemora o viaxe de María e Xosé a noite que naceu Xesús. Cada ano, do 16 ao 24 ao anoitecer, os convidados reúnen-se fóra da casa. Un neno vestido de anxo encabeza a procesión que percorre o vecindario, formada por nenos vestidos como María, Xosé e outras figuras importantes. A procesión comeza e os peregríns buscan unha casa que lles dea "pousada". Unha vez que se lle ofrezca aloxamento á procesión ábrese as portas e empezan os festexos. Caa festa remata coa rotura dunha piñata.

Deste xeito en cada día celébrase unha festa nunha casa do vecindario.



Parada ou parada do Neno Deus

Tamén chamada Roubo e Busca do Neno é unha celebración católica na cal celébrase que o neno Xesús xa pode **pararse**. Celébrase dende o 1º de xaneiro ata o 2º de febreiro. Compártese en comunidade ou en familia e marca o fin do Nadal alí onde se realiza. O Neno Xesús levántase do pesebre e rézase un rosario no seu nome.

Nalgúns casos complétase con cantos e versos entoados por grupos musicais e dáse un pequeno paseo polo entorno do fogar onde se fai. Ao remate do evento, os anfitrións reparten bizcochuelo e viño aos presentes.



Nas cidades e pobos hai moitas festas e concertos con grupos de *gaitas*, un ritmo musical orixinal do estado Zulia. Cántase en grupo formado por homes e mulleres, tratan temas de amor, relixión, ata outros máis retranqueiros e de denuncia.

O instrumento principal son os tambores.



Entre os pratos típicos da Noiteboa é *a hallaca*, o *pan de xamón*, *ensalada de galiña*, *ponche de crema* ou *leite de burra* e de sobremesa *torta negra* e *dóce de lechoza*.



Faise intercambio de agasallos entre amigos e familiares que se entregan á medianoite. Os nenos esperan con moita emoción o agasallo de San Nicolás ou do Neno Xesús.

NOITEVELLA

A espera e fin de ano é moi especial en Venezuela. Antes de que dean as 12 as familias reúnense nos seus fogares e preparan a hallaca para cear. Ofrecerlla aos familiares e amigos é unha maneira de reafirmar a amizade e de desexar boa sorte para o ano vindeiro.

Tamén é tradición comer as doce uvas.

Igualmente, consérvase a tradición de usar prendas a estrear con roupa interior de cor vermello para atraer a boa sorte e amarela en ano bisesto, un bolívar na man para a abundancia e tamén saír á porta da casa ou pasear por fóra cunha maleta para augurar bos viaxes no ano novo.

Todo iso, durante as doce campanadas que se adoitan escoitar pola radio ou nas igrexas e xusto antes de *El Cañonazo*, xa que dende antigamente a chegada do 1 de xaneiro era anunciada polo son dun dos canóns do cuartel Sal Carlos, son que invadía a antiga Caracas anunciando o ano novo.

Tampouco faltan os brindes con champaña.

Algunhas persoas fan un boneco con trapos vellos, pólvora e gasolina, representando o ano que remata, que o acenden ás 12 da medianoite no que se chama a *queima do Ano Vello*. Con iso preténdese borrar os malos recordos deixados polo ano vello para recibir con alegría o ano novo.



EL SALVADOR

NADAL

A Noiteboa é moi importante en O Salvador. Os nenos recollen e preparan foguetes e esperan con ansia o día 25 para abrir os seus agasallos.

As familias reúnen-se a dar grazas por ser esta a festa máis importante do ano.

Antes da cea, a xente asiste á Misa do Galo, onde se cantan panxoliñas.

Represéntanse as *Pastorelas e Pousadas*, dramas de Nadal na que xente de varias idades se viste con bufandas de seda de cores brillantes, blusas decoradas con encaixes e levan caiados de pastores e campás. A música tócase usando instrumentos de percusión. Todos cantan e bailan os máis tradicionais cantos de Nadal.



A cea de Nadal é unha tradición familiar. Sérvese pavo, xamón e carne moída que se acompaña con arroz e vexetais. Como sobremesa cómense galletas e preparados de mazá. O prato favorito é o tamal.



NOITEVELLA

Ao igual que no Nadal nas primeiras horas comézanse os preparativos da cea de Noitevella. Aos salvadoreños gústalles comer e celebrar ao grande, tamén se acostuma a vestir con roupa de estrea.

Adóitase a pasala en familia, e tradicionalmente cómese pavo , ou ben galiña, pans con polo ou tamales.

Os nenos, xoves e tamén algúns adultos, pasan a noite "estourando foguetes" e bailando . En moitos pobos organízanse bailes en prazas públicas para despois das doce da noite. Normalmente déixanse os foguetes máis grandes para xusto ás 12 da noite á vez que se escoita a canción "Faltan cinco pa las doce".



BRASIL

Os brasileiros son unha mestura de diferentes minorías étnicas, e coma unha ex colonia portuguesa, teñen moitos costumes de Nadal que proceden desta cultura.

Unha tradición é a creación dun belén.



Papai Noel é a personaxe que agasalla en Brasil. Segundo a lenda vive en Groenlandia, pero cando chega a Brasil, leva xeralmente roupa de seda, debido ao calor do verán.



Unha gran cea de Noiteboa inclúe pavo, xamón, arroz e cores e maravillosas verduras e pratos de froitas. Chámase Ceia e Natal.



Os adornos inclúen flores frescas. Os fogos artificiais anuncian o comezo o nadal e tamén se poden ver árbores iluminados en moitas cidades. Adoita haber bailes populares e as festas duran ata o 6 de xaneiro, o día de Reis.



NOITEVELLA

O mar xoga un papel moi importante: o ceo das praias brasileiras ilumínase cos fogos artificiais e as "filhas do santo" (sacerdotisas africanas) acenden velas e lanzan ao mar pequenos barcos cheos e flores e agasallos para ver se as follas os levan, o que é un bo presaxio.


Umbanda é unha relixión practicada no Brasil, froito dunha mestura de ritos africanos e que xera a festa e Yemanjá. Igual que no Nadal as praias éñchense e xente e os cantos relixiosos inician a cerimonia en honra de Yemanjá. Os participantes levan traxes de cores diferentes cada ano (en función do santo que "gobernará" durante esta nova etapa), bailan e cantan. Rézanlle á santa e pídenlle desexos.



COLOMBIA

NADAL

A cea de Nadal consiste en polo, porco recheo, ensalada con encurtidos, pataca pequena amarela e tamales cubertos con follas de plátano. As sobremesas son galletas de diferentes sabores, o manxar branco con *dóce en caldo*, que se fai con azucre, clavo, cáscara de limón e brevas. Outras sobremesas son os buñuelos, milfollas e natillas, que se fan con leite e azucre.



O día seis de xaneiro é o día en que os afillados reciben agasallos. O padrinazgo é unha institución moi arraigada na cultura, os padriños e madriñas son persoas moi especiais na vida dos nenos.

Tamén reciben agasallos do Neno Deus o día 25 de decembro pola mañá.

O XOGO DOS AGUINALDOS

En Bogotá, e na maioría de Colombia hai algúns costumes simpáticos para celebrar o Nadal. Un é o xogo de Aguinaldos, que se practica dende o 16 e ata o 24 de decembro. Son diversos xogos como "*tres pes*" no cal se un está de pe e se descoida, o oponente vén con sixilo e ponlle un pe entre os seus, ao tempo que pide o aguinaldo e hai que pagarlle o que se teña apostado. Outros destes xogos son *Pajita en boca*, *A dar y no recibir*, *Al si y al no*, etc

Son xogos inocentes que divirten aos nenos, pero aos que tamén xogan os maiores

O DÍA DA VIRXE OU DAS VELAS

O día 7 de decembro faise un día especial para adorar a Virxe, as familias reúnen e nalgúns lugares especiais arránxanse as rúas con moitas luces e figuras de cores para que as persoas paseen e disfruten coas súas familias. Faise para alumearlle o camiño á Virxe polo que se debe facer como en forma de camiño cara á entrada da casa, para que a Virxe María entre á túa casa a bendicila.



CANTOS E PANXOLIÑAS

Tunaima:

(coro)

*Tutaina tuturamá
tutaina tuturumaina
tutaina turumá, turumá
tutaina tuturumaina*



*Los pastores de Belén vienen a adorar al niño
la Virgen y San José los reciben con cariño.*

(coro)

*Tres reyes vienen también con incienso, mirra y oro
a ofrendar a Dios su bien como el más grande tesoro.*

FOGOS ARTIFICIAIS

Xa hai uns anos que se prohibiu o uso a pólvora e os fogos artificiais.

NOITEVELLA

É unha festa tradicional que se procura celebrar en familia. Regularmente as familias reunidas esperan ao son da música o aviso na radio ou na televisión de que o ano rematou.

Na Costa Caribe é moi común escoitar a versión salseira de "Faltan Cinco pa ´las doce" <http://youtu.be/YnbTbcR4yEw>

E a canción "Año Nuevo" da "Billo´s Caracas Boys" http://youtu.be/2_ZnbMVGriw

Tamén o considerado himno popular para o Ano Vello do colombiano Crescencio Salcedo.

<http://youtu.be/OagKYC6jY8E>



Nese momento a familia saúdase, dándose bos desexos e despois van ás rúas para saudar a veciños e amigos.

Algunhas persoas fan ritos como comer as doce uvas antes das doce campanadas pedindo un desexo por uva, ou ben dar a volta ao rueiro cunha maleta simbolizando un ano novo cheo de moitos viaxes.


É usual vestir roupa interior de cor amarela para atraer a boa sorte.

Tamén existe o costume, sobre todo nos barrios populares e de clase media de elaborar e queimar o "Ano Vello" un boneco de trapo ao que se lle incorporan foguetes e outros artefactos con base e pólvora, que agora están prohibidos para evitar accidentes.



A véspera de Ano Novo é unha das festas máis importantes, na Costa Caribe e no val do Cauca adoitanse facer as típicas "Pachangas" ou "Verbenas", festas de rúas onde os veciños sacan á rúa equipos de son para escoltar e bailar música sen parar.

No interior do país, son costume as cenas en familia acompañadas con música e o primeiro de xaneiro faise o popular Paseo de Olla, un paseo no cal se levan cousas da cociña, xeralmente a un río ou á praia e cocíñase en compañía da familia.



CHINA


NADAL

SOLSTICIO DE INVIERNO

Hai 2.500 anos na China determinouse o punto do solsticio de inverno (momento en que a noite é máis grande e o día máis pequeno) observando os movementos do sol cun reloxo solar.

Ese día é o 22 ou 23 de decembro do noso calendario (calendario gregoriano).

No hemisferio norte nese día experimentase o día máis curto e a noite máis longa. Despois do solsticio de inverno, os días vólvense máis e máis longos.



Segundo un pensamento chino antigo, o yang, as cousas positivas vólvense máis abondosas pasado ese día, polo que debe celebrarse.

O Solsticio de Inverno converteuse nunha festa durante a dinastía Han (206 a. C - 220 d. C) e prosperou nas dinastías Tang e Song. Os Han consideraban o solsticio de inverno como a festa do inverno por antonomasia, polo que se organizaban festas dende o estado. Todos descansaban ese día, as fronteiras pechábanse e o comercio paralizábase. Os familiares agasallábanse con manxares exquisitos.

Nas dinastías Tang e Song o solsticio de inverno era un día para ofrecer sacrificios ao ceo e aos antepasados. Os emperadores ían as aforas para adorar o ceo, mentres a xente común ofrecía sacrificios aos seus pais mortos ou a outros familiares.

A dinastía Qing (1.644-1.911) mesmo teñen un informe que explica que o Solsticio de inverno é tan formal como a Festa da Primavera, que tamén se lle chama O Ano Novo o que amosa a gran importancia que se lle da a este día.

Nalgunhas partes do norte de China, a xente come sopa de ravioles durante este día porque cren que lles dará calor para o inverno.



No sur de China, toda a familia come unha comida feita e feixóns vermellos e arroz glutinoso para alonxar os fantasmas e outros seres malvados.



Os ravioles do solsticio de inverno poden usarse como ofrendas aos antepasados ou como agasallos a familiares e amigos.


A xente e Taiwan mantén a tradición de ofrecer pasteis de nove capas aos antepasados. Os pasteis teñen forma de polo, parrulo, tartaruga, porco, vaca, ovella e están feitos con fariña de arroz glutinoso e cociñados ao vapor en diferentes capas nunha cazola. Estes animais denotan bo augurio na tradición china.



A xente do mesmo apelido ou os clans familiares reúnen-se nos seus templos ancestrais para adorar aos seus antepasados en orden de idade. Tras a cerimonia de ofrenda, celébrase un gran banquete.

ANO NOVO

O **Ano Novo Chino** (chino tradicional: 農曆新年, chino simplificado: 农历新年, pinyin: *nónglì xīnnián*, "Ano Novo do Calendario Agrario"), máis coñecido, en China, como a **Festa da Primavera** (春节, 春節, *chūnjié*) ou **Ano Novo Lunar** (isto último especialmente fóra del país) é a festividade tradicional máis importante do ano chino, celebrada tamén noutros países do leste de Oceanía.



ANIMAL	RAMA	FECHAS RECIENTES.
鼠 Rata	子 Zi	19 de febrero de 1996 18 de febrero de 2008
牛 Buey	丑 Chou	7 de febrero de 1997 26 de enero de 2009
虎 Tigre	寅 Yin	28 de enero de 1998 14 de febrero de 2010
兔 Conejo	卯 Mao	16 de febrero de 1999 3 de febrero de 2011
龍 Dragón	辰 Chen	5 de febrero de 2000 23 de enero de 2012
蛇 Serpiente	巳 Si	24 de enero de 2001 10 de febrero de 2013
馬 Caballo	午 Wu	12 de febrero de 2002 31 de enero de 2014
羊 Camero	未 Wei	1 de febrero de 2003 19 de febrero de 2015
猴 Mono	申 Shen	22 de enero de 2004 8 de febrero de 2016
雞 Gallo	酉 You	9 de febrero de 2005 28 de enero de 2017
狗 Perro	戌 Xu	29 de enero de 2006 16 de febrero de 2018
豬 Cerdo	亥 Hai	18 de febrero de 2007 5 de febrero de 2019

Baseado no calendario lunisolar utilizado tradicionalmente en China, as celebracións comezan o primeiro día do primeiro mes lunar (正月, *zhēng yuè*) e rematan o día quince, cando se celebra o Festival dos farois (元宵节, 元宵節, *yuánxiāojié*). Durante este período prodúcese a maior migración humana do planeta, o "movemento de primavera" (春运, 春運, *chūnyùn*), con millóns de persoas viaxando aos seus lugares de orixe para celebrar as festas coas súas familias.

O vindeiro Ano Novo Chino será o ano do Dragón , e durará do 23 de Xaneiro de 2012 ao 9 de febreiro de 2013.

O signo do Dragón parte da astroloxía china e nas culturas milenarias orientais é considerado, ao igual que a serpe, un animal de boa sorte. Na antiga China é considerado como o garda dos tesouros, tamén da sabedoría.



As persoas nadas baixo este signo son consideradas como nobres, sabias e creativas, mesmo moi sociables con todos e tolerantes, comprensivos aos sentimentos cos demais.



A víspera do Ano Novo, o equivalente á Noitevella occidental, chámase en chino "chuxi" (除夕, *chúxī*; *chu* significa pasar *xī* víspera). Os membros da familia que xa non viven na casa fan un esforzo especial para retornar ao fogar para unha reunión e compartir unha gran comida.

Nese momento os membros a familia entregan "diñeiro da boa sorte" en sobres vermellos aos anciáns e nenos , e quedan espertos toda a noite para darlle a benvida ao Ano Novo.



O pobo chino creu por moito tempo que permanecer esperto durante toda a noite ese día axuda para que os seus pais teñan unha vida máis longa. Así mantéñense acendidas as luces durante toda a noite para

alonxar a *Nian* e como unha escusa para manter á maior parte da familia reunida. Algunhas familias mesmo realizan cerimonias relixiosas despois da medianoite para darlle a benvida ao Deus do Ano Novo nos seus fogares, un ritual que xeralmente remata cunha enorme rolda de petardos.



O primeiro que se fai o día de Ano Novo é o ritual de render homenaxe aos antepasados. Despois venéranse aos deuses, seguido por un acto onde os membros máis xoves da familia presentan os seus respectos aos maiores que aínda viven. A xente pon vestidos novos e visita aos amigos, veciños e familiares para intercambiar bos desexos de *kung-hsi fa-tsai* que significa "felicitacións e prosperidade".

É un momento para a reconciliación, onde se deixan aparte os rencores o pasado.



Unha das vistas máis espectaculares durante o Festival do Ano Novo Chino son as danzas do dragón e do león. As cabezas desas temibles bestas supostamente alonxan o mal, e os áxiles movementos dos danzantes ofrecen un gran espectáculo.



O segundo día do Festival do Ano Novo é o día en que as fillas casadas retoman o fogar dos seus pais. O esposo debe acompañala e levar agasallos para a súa familia. Segundo unha lenda o terceiro día do Ano Novo é o día en que os ratos casan ás súas fillas. Por iso, durante esa noite, suponse que a xente debe deitarse cedo para que os ratos poidan levar a cabo as súas cerimoniais de matrimonio.



No cuarto día, pola tarde, a xente prepara ofrendas de comida para recibir o retorno do Deus da Cociña que retorna da corte do Emperador de Xade. Significa o fin da liberdade da supervisión espiritual, por iso un popular refrán chino di "Nunca é moi cedo para despedir aos deuses, nin é moi tarde para invitalos a que retornen"



O quinto día pon fin ás festividades do Ano Novo Chino. Quítanse todas as ofrendas dos altares e a vida retorna á normalidade. Finalmente no noveno día, preséntanse numerosas ofrendas nos patios dos templos para celebrar o aniversario do Emperador do Xade, que segundo a crenza popular, naceu inmediatamente despois da medianoite do noveno día.



Como en todas as festividades chinas, a comida xoga un papel importante durante todo o Ano Novo e as ceas tenden a ser especialmente suntuosas. Moitos dos pratos que se preparan para esta ocasión son considerados símbolos da boa sorte. Por exemplo, o peixe (*yu*) representa "abundancia", a ceboliña (*chiu-tsai*) significa "eternidade", os nabos (*tsai-tou*) simbolizan "bo augurio", mentres que as bolas de peixe (*yu-wan*) e a carne (*you-wan*) representan "reunión".



Tamén se preparan bocadillos para a ocasión, como o pudín de arroz glutinoso (*nien-kao*), para desexarlle á xente que "avance cara cargos máis altos".

A xente do norte de China xeralmente prepara empanadillas (*Shui-chiao*) que teñen a forma e lingotes de ouro e supostamente axudan a quen as coma a ter riqueza.



NADAL

Aínda que a festa invernal máis importante é o ano novo chino, a influencia occidental fixo que todo o mundo coñeza o Nadal, aínda que non saiban exactamente o que se celebra.

Nestas datas moitos comercios decoran escaparates coma en occidente e mesmo os empregados levan o gorro de Papá Noel nalgúns casos.

As familias máis modernas das grandes cidades tamén montan a árbore na casa e os nenos poñen o calcetín para que Shengan Laoren , o Vello do Nadal 圣诞老人 lles traia os agasallos.



Respecto á cea de Noiteboa, en xeral, so a comunidade cristiá a celebra. A xente xove adoita saír cear fóra o día de Nadal, e como é un costume estranxeiro celébrano comendo pizza.



PAQUISTÁN

NADAL

O Nadal converteuse na festa máis global, celebrada por membros de todas as relixións, mesmo os musulmáns.

A comunidade musulmá de Paquistán fórmaa o 97% da poboación, é dicir, 140 millóns de habitantes. A comunidade cristiá fórmana apenas un 2%, uns dous millóns e medio.

A pesares deste desequilibrio, Paquistán é un país islámico que celebra o Nadal, un exemplo de concordia máis alá das relixións.

As familias cristiás preparan con agarimo o pouco espazo dispoñible nas súas casas para recibir aos parentes que chegan das zonas rurais; os fillos participan na preparación de veladas, concursos, etc. As casas adórnanse e hai unha especie de linguaxe oculto entre os cristiáns: poucos adornos externos, pero moita vivencia interior.

Unha das manifestacións externas destas festas son as sinxelas estrelas que eses días están adornando a maioría dos fogares cristiáns. Non son estrelas que se oculten, senón que se fan de papel e de cartón duro, éñchense de luces de unha ou varias cores e dispóñense de xeito que colguen dun pau de bambú, canto máis lonxe mellor, para que as vexa máis xente.



Eid Al Fitr



Significa *Feliz Id.*

A Festa ***Eid Al Fitr*** pode compararse co noso Nadal, é unha das festas máis importantes para os musulmáns

Fanse compras coma as nosas polo Nadal.

Faise para celebrar o final do Ramadán.

O Ramadán é o noveno mes do ano lunar, e too musulmán debe cumprilo . Tanto os homes como as mulleres deben deixar de comer (sexún), de fumar, perfumarse ou ter relacións sexuais dende a saída do sol ata o anoitecer. As únicas excepcións son os enfermos, os viaxeiros, os nenos e as mulleres embarazadas.

Estas prohibicións desaparecen ao caer a noite. O final do Ramadán celébrase con grandes festas



O Ramadán dura 29 días aproximadamente.

Ramadan 2012

O ano 2012 corresponde co Ano da era da Hóxira 1433.

As datas do Ramadán serán do 15 de xullo ao 12 de agosto.

Cando remata o Ramadán empeza o mes de Sh' awwal, coa festa máis grande, a festa de ***Aid Al Fitr***, ou "festa da ruptura do xexún", que se celebra con moita ledicia.

Repártense bendicións e desexase felicidade, persoalmente ou mandándose tarxetas, dando grazas a Deus por ter superado as dificultades do Ramadán.



O día comeza bañándose e vestíndose coa mellor roupa.
Despois acódese á mesquita para as oracións.



Máis tarde a xente intercambia agasallos e visita aos parentes e amigos.

Dáse esmola aos pobres.

Ao longo do día reflexiónase sobre o significado do Islam e téntanse limar as diferenzas coa familia e os amigos, para poder empezar unha nova vida baixo o signo da paz e a reconciliación.

Repártense dóces, comida e bebidas sen alcohol nas mesquitas e fogares e as celebracións duran tres días nos países islámicos.



īd ul Āda

70 días despois do Id al Fitr celébrase o **Id ul Āda** ou Festa do Sacrificio que tamén poderíamos comparar co noso Nadal.

Nela celébrase o sacrificio que fixera o profeta Abrahám dun animal. A vítima orixinal dese sacrificio debía ter sido o seu fillo.

O símbolo para o día é un carneiro (ou cabra, vaca, ovella, touro ou camelo, que non está especificado o animal, agás que debe ser de boa calidade e gozar de boa saúde)

A carne do animal repartirase entre os que o mercaron (pode ser máis dunha familia) e tamén entre as familias necesitadas do barrio que non o puideron mercar.

Hai feiras de animais vivos que se habilita exclusivamente para este **Id**

